



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA
Xefatura Territorial da Coruña.



SERVIZO PÚBLICO
DE EMPREGO
DE GALICIA

galicia

ACTA DO GRUPO MIXTO DE TRABALLO CONSTITUÍDO A EFECTOS DE TRAMITAR O PROCESO DE DESENVOLVEMENTO DA CONTRATACIÓN EN RELACIÓN COA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DAS PONTES PARA UN OBRADOIRO DE EMPREGO DENOMINADO "OBRADOIRO EUME II" (*Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio - SSCS0108*).

Nas Pontes de García Rodríguez, sendo as 08 horas e 30 minutos do día 02 de outubro de 2018, reúnese o grupo mixto de traballo (Consellería de Economía, Emprego e Industria - Concello das Pontes) para proceder á constitución do mesmo e iniciar os traballos de elaboración das bases da convocatoria para a selección de persoal que se reflicte nas mesmas.

ACORDOS QUE SE ADOPTAN:

1º Aprobación definitiva das Bases de contratación do persoal do Obradoiro de Emprego "PONTES DE EMPREGO III" do concello das Pontes en relación coa Orde do 4 de maio de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2018.

2º Proceder á publicación nos Taboleiros de Edictos do Concello e da Oficina de Emprego das Pontes, así como na páxina Web do Concello, dun anuncio mediante o que se publicita a existencia do Obradoiro de Emprego. Unha vez asinado o documento de bases, proceder tamén á publicidade das mesmas polo mesmos medios.

3º Redactar as Ofertas de Emprego e entregalas na Oficina de Emprego para a sondaxe correspondente.

E non habendo máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 09 horas e 15 minutos da data que reza no encabezamento.

POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E I.

María Carmen Corral Cal

José Manuel Camino Guntín

POLO CONCELLO DAS PONTES

M. Montserrat González Rivera

Ana Isabel Caaveiro Franco

